

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

ÍNDICE

TÍTULO I.	DISPOSICIÓN XERAIS	4
Artigo 1º.	Obxecto do Ordenanza	4
Artigo 2º.	Ámbito de aplicación	4
Artigo 3º.	Localización das Prazas e Mercados municipais de abastos.....	4
Artigo 4º.	Mantemento das instalacións comúns a cargo do Concello.....	5
Artigo 5º.	Limpeza.....	5
Artigo 6º.	Imaxe, simboloxía e sinalética das Prazas e Mercados municipais	5
Artigo 7º.	Información e suxerencias.....	6
TÍTULO II.	RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.....	7
Artigo 8º.	Horarios das Prazas e Mercados municipais	7
Artigo 9º.	Acceso ás Instalacións	7
Artigo 10º.	Actividades nos postos das Prazas e Mercados municipais de abastos.....	7
Artigo 11º.	Vixilancia e control.....	8
Artigo 12º.	Funcións do Encargado de Prazas e Mercado.....	8
Artigo 13º.	Funcións dos Vixilantes-Recadadores de Prazas e Mercados	9
Artigo 14º.	Limitacións.....	10
TÍTULO III.	REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DAS PRAZAS E MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS.	11
Artigo 15º.	Competencias de xestión administrativa	11
CAPÍTULO I.	REGULACIÓN DAS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS DOS POSTOS FIXOS	11
Artigo 16º.	Procedemento de adxudicación dos postos fixos.....	11
Artigo 17º.	Prazo das concesións dos postos fixos.....	11
Artigo 18º.	Solicitude de concesión de posto fixo	11
Artigo 19º.	Tramitación da solicitude.....	12
Artigo 20º.	Adxudicación da concesión	12
Artigo 21º.	Inicio da actividade.....	12
Artigo 22º.	Canon.....	12
Artigo 23º.	Número de postos por persoa concesionaria.....	13
Artigo 24º.	Desempeño da actividade comercial.....	13

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artigo 25°.	Dereitos das persoas concesionarias.....	14
Artigo 26°.	Obrigas das persoas concesionarias.....	14
CAPÍTULO II.	CAMBIO DE TITULARIDADE DAS CONCESIONS DOS POSTOS FIXOS ...	15
Artigo 27°.	Cambio de titularidade por traspaso de postos fixos.....	15
Artigo 28°.	Cambio de titularidade por traspaso de actividade.....	15
Artigo 29°.	Cambio de titularidade no caso de falecemento ou incapacidade	16
CAPÍTULO III.	CADUCIDADE, REVOGACIÓN E RESCATE DE POSTOS FIXOS	16
Artigo 30°.	Caducidade	16
Artigo 31°.	Revogación.....	16
Artigo 32°.	Rescate de concesións	16
CAPÍTULO IV.	OCUPACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE VENDA.....	17
Artigo 33°.	Ocupación temporal de postos de venda	17
CAPÍTULO V.	OCUPACIÓN PROVISIONAL DE POSTOS DE VENDA.....	18
Artigo 34°.	Ocupación provisional de postos de venda.....	18
TÍTULO IV.	O MERCADO TRADICIONAL	19
Artigo 35°.	Dos Vendedores/as de produtos tradicionais.....	19
Artigo 36°.	Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional.....	19
Artigo 37°.	Inclusión no Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional ..	19
Artigo 38°.	Caducidade do Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional	20
Artigo 39°.	Exclusión do Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional .	20
Artigo 40°.	Desempeño da actividade comercial no Mercado Tradicional	20
Artigo 41°.	Dereitos dos Vendedores/as do Mercado Tradicional.....	21
Artigo 42°.	Obrigas dos Vendedores/as do Mercado Tradicional.....	21
TÍTULO V.	CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA.....	23
Artigo 43°.	Responsabilidade en materia de calidade e seguridade alimentaria	23
Artigo 44°.	Autorizacións e carnés profesionais	23
Artigo 45°.	Limpeza e hixiene nos postos	23
Artigo 46°.	Vestuario laboral.....	23
Artigo 47°.	Trazabilidade e etiquetaxe dos produtos agroalimentarios	23
Artigo 48°.	Seguridade alimentaria na realización de obras.....	24
Artigo 49°.	Alertas de seguridade alimentaria	24

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

TÍTULO VI.	DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS DAS PRAZAS E MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS	25
Artigo 50°.	Dereitos das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos	25
Artigo 51°.	Obrigas das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos	25
TÍTULO VII.	INFRACCIÓNS E SANCIÓNES.....	26
Artigo 52°.	Clasificación das infraccións	26
Artigo 53°.	Infraccións leves.....	26
Artigo 54°.	Infraccións graves	26
Artigo 55°.	Infraccións moi graves.....	27
Artigo 56°.	Procedemento sancionador.....	28
Artigo 57°.	Sancións.....	28
Artigo 58°.	Prescrición.....	28
	Disposicións adicionais.....	28
	Disposición Final.....	28

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artículo 1º Obxecto da Ordenanza

Constitúe o obxecto desta ordenanza regular e ordenar o desenvolvemento da actividade comercial de abastos nas Prazas e Mercados municipais.

Artículo 2º Ámbito de aplicación

As disposicións contidas na presente ordenanza serán de aplicación:

- a) As actividades de venda de abastos realizadas nas Prazas e Mercados municipais de abastos, dentro das cales quedan recollidas as vendas de produtos agrícolas, gandeiros e forestais que realicen directamente as persoas que os producen, aínda nos casos en que estas actividades tivesen carácter eventual.
- b) A todas as persoas que desempeñen actividades comerciais dentro dos recintos das Prazas Municipais de Abastos

Artículo 3º Localización das Prazas e Mercados municipais de abastos

1. Para os efectos desta Ordenanza teñen carácter de Prazas e Mercados municipais de abastos os seguintes:
 - a) Praza Municipal de Abastos.
 - b) Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros.
 - c) Calquera outro espazo que determine o Concello.
2. A xestión e o mantemento do servizo de Prazas e Mercados municipais correspóndelle ao Concello que o realizará a través de concesións administrativas que se regularán, coas peculiaridades precisas, conforme ao establecido na presente Ordenanza, e demais lexislación de aplicación e sempre con base en criterios de mellora na eficacia, eficiencia e xeración de valor.
3. Poderán autorizarse usos comerciais complementarios nas Instalacións das Prazas e Mercados municipais, compatibles coa actividade principal de abastos, ou dentro de plans integrais de mellora ou reforma das instalacións, manténdose sempre as mesmas condicións que os restantes postos.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artículo 4º Mantemento das instalacións comúns a cargo do Concello

1. Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:
 - a) Elementos do cerramento das instalacións das prazas e dos mercados municipais de abastos.
 - b) Estrutura interior das instalacións das Prazas e Mercados.
 - c) Postos baleiros sen titular.
 - d) Corredores das Prazas e Mercados.
 - e) Baños.
 - f) Accesos e ascensores.
2. En todas as instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convintemente tanto ás persoas concesionarias como aos Vendedores/as e vendedoras do Mercado Tradicional.
3. As persoas concesionarias e máis os Vendedores/as do Mercado Tradicional, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.

Artículo 5º Limpeza

1. Corresponde ao Concello a limpeza das instalacións comúns das Prazas e Mercados previstas no Artigo 4 que a realizará a través dos servizos municipais competentes ou, no seu caso, da empresa concesionaria do servizo.
2. O Concello dotará a cada unha destas instalacións, dun número de contedores suficientes para o depósito do lixo e residuos que se xeren na actividade normal desenvolta.
3. O Encargado de Prazas e Mercados velará por que, tanto a limpeza dos postos, como a dos lugares comúns, se realice fóra dos horarios de atención ao público, e de acordo coas normas que o Concello determine.

Artículo 6º Imaxe, simboloxía e sinalética das Prazas e Mercados municipais

1. O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativas para as Prazas e Mercados municipais, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.
2. As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen perxuízo do disposto na disposición adicional segunda.
3. O Concello será responsable da instalación da sinalética que corresponda, nos espazos comúns establecidos no Artigo 4.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artículo 7º Información e suxerencias

a) O Concello manterá, en cada un dos recintos de Prazas e Mercados, un taboleiro de anuncios que estará adicado á publicación de información relativa á organización do servizo, tal como horarios, normativa, así como outras cuestións que poidan resultar de interese tanto para o público como para as persoas concesionarias dos postos.

b) Así mesmo instalárase un buzón no que as persoas usuarias poderán depositar as queixas e suxerencias que estimen oportunas, que serán remitidas polo Encargado ao órgano administrativo encargado da xestión do servizo.

c) Crease unha comisión consultiva de Prazas e Mercados para abordar todos aqueles asuntos relativos ós mercados municipais que se puideran xerar e que teñan que ver, tanto cos problemas que lles puideran xurdir aos vendedores, como cos problemas derivados da propia xestión da praza

Esta Comisión estará presidida polo Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, vicepresidida polo Concelleiro ou Concelleira con responsabilidade sobre os mercados municipais, actuando como secretario un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello de Lugo, con adscrición ou responsabilidade nos mercados municipais. Tamén formarán parte desta Comisión o encargado de prazas e mercados e ademais:

- 2 vogais, en representación dos industriais de cada Prazas ou mercados, así recoñecidos.
- 2 vogais en representación sectorial dos industriais de prazas e mercados, en relación aos asuntos a tratar.

A comisión poderá requirir a participación dos funcionarios e persoal municipal que considere oportunos en relación aos asuntos a tratar e considerar.

Esta comisión reunirse unha vez ao ano con carácter ordinario, e extraordinariamente a petición de parte interesada, previa convocatoria realizada polo Concello.

TÍTULO II. RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO

Artículo 8º Horarios das Prazas e Mercados municipais

1. As Prazas e Mercados municipais permanecerán abertos, de luns a venres, no horario comprendido entre as sete horas (7.00 h) e as vinteunha horas (21.00 h), e os sábados desde as sete horas (7.00 h) ata as quince horas (15.00 h).
O horario minimo de atención ao público nos postos de venda será de 8:00 a 14:30 e de 17 a 20 de luns a venres e de 8:30 a 14:30 os sábados.
2. A actividade comercial do Mercado de Produtos Tradicionais desenvolverase os martes e venres, entre as oito horas e trinta minutos (8:30) e as catorce horas e trinta minutos (14:30).
3. Os horarios establecidos así como os días sinalados para a actividade do Mercado Tradicional, poderán ser modificados a través de Decreto da Alcaldía que será publicado no BOP, Taboleiro de edictos e Taboleiro de Prazas e Mercados, a fin de lograr a súa máxima difusión, previo informe da comisión consultiva.

Artículo 9º Acceso ás Instalacións

1. Será responsabilidade do Encargado municipal do Mercado garantir a apertura das portas de acceso ás instalacións así como o seu peche, nos horarios establecidos, a fin de posibilitar as operacións de carga, descarga e preparación das mercadorías para a actividade comercial.
2. Non poderá haber vehículos parados ou estacionados ou exercendo actividade comercial nas zonas de carga e descarga.
3. No caso de que se produza algunha situación que imposibilite o seu cumprimento e, polo tanto, o acceso ao recinto, deberá dar parte coa premura debida aos servizos competentes do Concello, a fin de que se adopten as medidas correctivas que correspondan.

Artículo 10º Actividades nos postos das Prazas e Mercados municipais de abastos

- a) O desenvolvemento da actividade comercial nas Prazas e Mercados levarase a cabo nos postos de venda que se establezan nas súas instalacións e que serán xestionados conforme ao disposto na presente Ordenanza e demais normativa de aplicación. Todo posto da Praza e do Mercado terá o seu correspondente número de orde dentro de cada recinto para a súa máis fácil identificación por parte da Administración e do público.
- b) Os postos nas Prazas e Mercados Municipais poderán ser fixos, de ocupación temporal e postos do Mercado Tradicional.
- c) Tanto os postos fixos como os de ocupación temporal dedicaranse ao desenvolvemento de actividades de abastos, podendo autorizarse outras comercialmente compatibles.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- d) Nos postos do Mercado Tradicional, serán os propios produtores, ou persoas en primeiro grado de familiaridade ou afinidade, os que comercialicen os produtos das súas explotacións.

Artículo 11º Vixilancia e control

- 1. O Concello, a través do persoal adscrito ao Servizo de Prazas e Mercados exercerá un control sobre a actividade comercial que se realice nas Prazas e Mercados, a fin de verificar que esta se realice conforme ao disposto na presente Ordenanza, a Ordenanza Fiscal en vigor e demais normativa de aplicación.
- 2. Estas funcións de vixianza e control corresponderalles aos vixilantes recadadores do Servizo de Prazas e Mercados baixo a supervisión e coordinación do Encargado de Prazas e Mercados que contarán coa colaboración e auxilio da Policía Local, naqueles casos nos que así se requira.

Artículo 12º Funcións do Encargado de Prazas e Mercado

- 1. Serán competencias do Encargado de Prazas e Mercados as seguintes:
 - a) Control e supervisión da apertura e peche das portas de acceso ás instalacións de Prazas e Mercados, a fin de asegurar o seu correcto funcionamento dentro dos horarios dispostos na presente ordenanza.
 - b) Supervisión e control da cobranza das taxas municipais que corresponda aboar aos distintos postos, segundo o disposto na ordenanza municipal en vigor, dando conta dos ingresos realizados á Tesourería municipal.
 - c) Vixiar o estrito cumprimento nas Prazas e Mercados das disposicións contidas na presente ordenanza así como dos acordos municipais ou disposicións concretas na materia, ditas pola Autoridade Municipal.
 - d) Vixiar a conservación e limpeza das instalacións de Prazas e Mercados, poñendo calquera deficiencia, avaría ou situación anómala en coñecemento do servizo a quen corresponda a súa subsanación, ademais de dar conta ao responsable da unidade administrativa encargada da xestión de Prazas e Mercados, levantando acta dos danos producidos e do seu causante.
 - e) Informe mensual dirixido ao, responsable da unidade administrativa encargada da xestión de Prazas e Mercados, agás que se trate dun asunto urxente, que será tratado coa rapidez que requira o mesmo.
 - f) Terá a disposición do público unha báscula e un xogo de medidas, así como as follas de queixas e suxerencias para que poidan depositar no Buzón de Queixas e Suxerencias que o Concello instalará para tal fin nas dependencias do Servizo de Prazas e Mercados.
 - g) Diariamente entregará ao responsable da unidade administrativa os impresos que as persoas usuarias depositen no Buzón de suxerencias, a fin de que prosigan o seu trámite administrativo.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- h) Manter actualizada, no Taboleiro de anuncios do Servizo de Prazas e Mercados, canta información municipal relacionada co servizo, resulte de utilidade para o público, así como das normas municipais de aplicación.
- i) Vixilancia, control e seguimento das obras que se realicen nos postos, esixindo a correspondente licenza ou autorización municipal e coidando de que os materiais precisos para a súa realización non entorpezan o paso nin ocasionen danos.
- j) Facilitar o labor dos diferentes inspectores e dos servizos de limpeza e vixilancia.
- k) Control e supervisión do Mercado Tradicional, a fin de asegurar tanto a correcta ubicación dos postos autorizados, como o aboamento das taxas establecidas e o cumprimento das obrigas dos comerciantes en canto a orde e limpeza.
- l) Será responsable de todas as chaves dos distintos establecementos que estarán ao seu cargo exclusivo.
- m) Cantas outras funcións lle correspondan en razón do seu cargo.

Artículo 13º Funcións dos Vixilantes-Recadadores de Prazas e Mercados

1. Son funcións dos Vixilantes Recadadores de Prazas e Mercados as seguintes:
 - a) Substituír e asumir as funcións do Encargado en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.
 - b) Cobranza, baixo a supervisión e control do Encargado, das taxas municipais que corresponda aboar aos distintos postos, segundo o disposto na ordenanza municipal en vigor.
 - c) No Mercado Tradicional, tamén baixo a supervisión e control do Encargado, realizarán funcións de control e vixianza dos postos, a fin de asegurar tanto a correcta ubicación dos postos autorizados, como o aboamento das taxas establecidas e o cumprimento das obrigas dos comerciantes en canto a orde e limpeza.
 - d) Vixianza do cumprimento da normativa Hixiénico Sanitaria, dando conta ao Encargado das anomalías que se produzan.
 - e) Comunicación inmediata ao Encargado de calquera anomalía que se produza no Servizo a fin de dar traslado á Policía Local ou órgano correspondente para a súa subsanación.
 - f) Colaborar co Encargado baixo a súa dirección, no cumprimento das disposicións que se conteñen na presente ordenanza.
 - g) Cantas outras funcións lle correspondan en razón do seu cargo.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artículo 14º Limitacións

1. Queda expresamente prohibido por esta ordenanza:
 - a) A venda nos recintos das Prazas e Mercados municipais de abastos de animais vivos, segundo a lexislación vixente. Podendo excepcionarse a este efecto os mercados especiais recollidos na ordenanza fiscal de aplicación.
 - b) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.
 - c) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro dos recintos das Prazas e Mercados municipais de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.
 - d) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.
2. Con carácter xeral, non se admitirá o acceso de animais de compañía aos recintos das Prazas e Mercados de abastos, a excepción dos cans guía de persoas invidentes.
3. Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, ou noutras zonas do municipio sen a debida autorización municipal.
4. Así mesmo queda prohibida a extensión da actividade comercial fora dos espazos asignados a cada posto de venda, así como disposición de produtos nos espazos de paso, accesos e outros lugares comúns.

**TÍTULO III. REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DAS PRAZAS E
MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS.**

Artículo 15º Competencias de xestión administrativa

1. Corresponde ao Concello a xestión administrativa do Servizo de Prazas e Mercados municipais que a realizará a través dos órganos administrativos que correspondan, segundo se defina na organización municipal.
2. Anualmente o Concello de Lugo, elaborará unha listaxe de postos dispoñibles e realizará unha oferta pública para o acceso aos mesmos por parte dos interesados coa inclusión daqueles postos vacantes que estean a libre disposición do Concello para a súa concesión.

CAPÍTULO I. REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS DOS POSTOS FIXOS

Artículo 16º Procedemento de adxudicación dos postos fixos

1. Correspóndelle ao Excmo. Concello de Lugo a cesión da explotación dos postos fixos a particulares mediante a adxudicación de concesións administrativas, de acordo co disposto na presente ordenanza e normativa de aplicación.
2. Poderán ser obxecto de concesión os postos fixos que figuren na oferta pública que o Concello deberá ter permanentemente actualizada.
3. Os Concesionarios anteriores á entrada en vigor desta ordenanza, non verán alterados os termos da súa condición de adxudicatarios.

Artículo 17º Prazo das concesións dos postos fixos

O prazo da concesión será de 25 anos, sen posibilidade de prorroga.

Artículo 18º Solicitud de concesión de posto fixo

1. A solicitude de concesión administrativa de posto no Servizo de Prazas e Mercados poderá ser formulada por calquera persoa física ou xurídica, con capacidade xurídica e de obrar.
2. Irá referida a calquera dos postos que figuren na oferta pública anual do Concello e, deberá achegar a documentación que puntualmente se determine no procedemento administrativo de tramitación.
3. En todo caso deberá quedar acreditado no expediente:
 - a) A posesión dos títulos que habiliten á persoa solicitante para o exercicio da actividade á que vai dedicar o posto e, máis concretamente cando se trate de venda de produtos alimenticios, do carné de manipulador de alimentos.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- b) Que a persoa solicitante está ao corrente no aboamento das cotizacións á Seguridade Social.
 - c) Que dispón de póliza de Seguro de reponsabilidade civil que cubra os posibles riscos derivados da súa actividade.
 - d) Que conta cunha persoa suplente.
 - e) Que está ao día no aboamento de impostos e taxas ao Concello, e que a súa situación fiscal está regularizada coa Axencia Tributaria.
 - f) O aboamento dos dereitos municipais que correspondan segundo determine a Ordenanza Fiscal correspondente.
4. A solicitude, xunto coa documentación requirida na que se acrediten, como mínimo as condicións sinaladas no parágrafo anterior e unha memoria explicativa da actividade a desenvolver e, no seu caso, das obras de acondicionamento que se estimen precisas, deberá ser presentada no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello. Constituirase unha fianza, na cantidade que a Ordenanza Fiscal estipule, polos posibles impagos dos recibos mensuais.

Artículo 19º Tramitación da solicitude

Unha vez recibida a documentación, o órgano encargado da xestión realizará as comprobacións oportunas a fin de determinar que se axusta ao disposto na presente ordenanza e disposicións que se diten para o seu desenvolvemento.

No caso de que sexan precisas obras de acondicionamento, os técnicos municipais competentes deberán emitir ditame sobre a viabilidade da licenza, que deberá ser solicitada no prazo dos dez días seguintes á adxudicación da concesión do posto, se esta se produce.

Artículo 20º Adxudicación da concesión

Realizadas as comprobacións e recabados os informes precisos, formularase, se procede, proposta para o outorgamento da concesión administrativa do posto que será adxudicada polo Organo competente.

Artículo 21º Inicio da actividade

No prazo de tres meses a partir da adxudicación da concesión ou, no seu caso, no de dous meses desde a concesión da licenza municipal para a realización das obras de acondicionamento do posto, a persoa concesionaria deberá iniciar a actividade do posto.

Artículo 22º Canon

Con independencia das taxas que se establezan pola adxudicación da concesión do posto e durante toda a vixencia da concesión, incluída a prórroga, a persoa concesionaria deberá aboar o canon mensual que a Ordenanza fiscal determine para cada exercicio económico.

ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO DE LUGO

No caso de que o Concello acometa obras de renovación nas instalacións de Prazas e Mercados, e durante a realización destas, previa tramitación do correspondente expediente, o Concello poderá exonerar do aboamento do canon mensual a aquelas persoas concesionarias que se vexan obrigadas a suspender o exercicio das súas actividades.

Artículo 23º Número de postos por persoa concesionaria

1. O máximo de postos dos que poderá ser titular de xeito simultáneo unha mesma persoa concesionaria será de ata dous, salvo autorización expresa do Concello por razóns de interese pola dinamización económica e/ou comercial, contabilizando conxuntamente as concesións das distintas Prazas e Mercados municipais de abastos.
2. Sempre que a dispoñibilidade de postos o permita, a persoa que sexa titular de máis dun posto contiguo poderá solicitarlle ao Concello a súa agrupación. Nestes casos, todas as obras de adaptación ou reforma que deban realizarse nos postos a agrupar correrán a cargo da persoa titular da concesión, de acordo co establecido nesta ordenanza, así como outros gastos imputables.
3. Esta operación de agrupación non devengará taxas. Aínda que estará suxeita a concesión de licenza de obra, e terase en conta con carácter previo á autorización, a especificidade comercial da praza de abastos e o respecto aos plans e normas urbanísticas e de protección que resulten de aplicación.
4. Poderán estar asociados ou ser incluídos na concesión de estar dispoñibles, os almacéns e cámaras frigoríficas ubicadas no soto da praza de abastos, nas mesmas condicións de concesión que os postos de venda, e exclusivamente ós titulares das concesións municipais.
5. Estes almacéns e cámaras frigoríficas sobre os que non exista concesión en vigor, poderán ser cedidos directa e diariamente con carácter provisional polo encargado do servizo, coa autorización da Alcaldía, satisfacendo a cantidade prevista na ordenanza fiscal vixente.

Artículo 24º Desempeño da actividade comercial

1. O titular da concesión administrativa deberá realizar a explotación do seu posto fixo de xeito persoal, salvo no caso de que ostente a titularidade de máis dun posto na mesma praza ou mercado municipal, en que deberá participar de persoalmente, cando menos na explotación dun deles.
2. Poderá eximirse aos titulares da obriga contida no parágrafo anterior cando se trate de persoas xurídicas.
3. A persoa titular da concesión poderá contratar persoal de apoio para a explotación do seu posto para que lle preste apoio no labor de explotar comercialmente o seu posto, sempre dentro dos límites e respectando as disposicións que establece a lexislación vixente.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artículo 25º Dereitos das persoas concesionarias

As persoas concesionarias dos postos das Prazas e Mercados, teñen os seguintes dereitos:

- a) Dispoñer de ata un máximo de dous postos de venda por persoa para a exposición dos seus produtos e o desenvolvemento da súa actividade comercial. Estes postos serán entregados en perfectas condicións de mantemento e limpeza.
- b) Contar cun contorno en condicións de limpeza e hixiene adecuadas para o desenvolvemento da súa actividade.
- c) Dispoñer de seguridade para os seus bens e produtos, así como para a súa integridade física.
- d) Todos aqueles que recoñeza a lexislación vixente.

Artículo 26º Obrigas das persoas concesionarias

Constitúen obrigas das persoas concesionarias dos postos das Prazas e Mercados:

- a) Garantir que o posto permaneza aberto durante o horario establecido no Artigo 8º do presente Ordenanza, debendo ter prevista a súa suplencia para os casos de ausencia ou enfermidade.
- b) Facer efectivo o pago das taxas que resulten da aplicación da ordenanza fiscal vixente.
- c) Comercializar unicamente produtos que cumpran todas as normas hixiénicas e sanitarias e de lexislación alimentaria esixidas tanto por esta ordenanza como pola lexislación vixente na materia para o desenvolvemento desta actividade.
- d) Os manipuladores de alimentos deberán amosar nun lugar visible do seu posto a certificación de ter recibido formación como manipulador de alimentos, que debe estar vixente, e deberán empregar a vestimenta indicada no Artigo 46º desta ordenanza.
- e) Manter as debidas condicións de conservación e limpeza tanto no seu posto coma nos seus arredores, así como nas instalacións comúns da praza ou mercado municipal no que desenvolva as súas actividades. Respectando en todo caso a normativa sanitaria ao respecto.
- f) Dispoñer no seu posto dos recipientes precisos para os refugallo e lixos xerados pola súa actividade, que serán depositados nos lugares habilitados para tal fin polo Concello.
- g) Coidar de non producir danos ou estragos no seu posto ou nas instalacións comúns das Prazas e Mercados municipais de abastos nos que desempeñe a súa actividade.
- h) Non superar baixo ningunha circunstancia os límites do seu posto. En ningún caso poderá almacenar ou expoñer mercadorías nos corredores de tránsito, e en especial nas vías de evacuación para o caso de emerxencia.
- i) Ter á vista con carácter permanente no seu posto o horario de atención ao público e a tarifa de prezos por unidades de venda, peso ou medida dos diferentes produtos que comercialicen, empregando para elo o modelo de etiqueta que se indique por parte do Concello de Lugo, e nos idiomas oficiais da comunidade, segundo a lexislación vixente.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- j) Manter unha actitude correcta na relación coa clientela, o persoal municipal ou de outras administración que se presente nas instalacións no desenvolvemento das súas funcións, así como co resto de industriais, evitando conflitos ou altercados que poidan poñer en perigo a integridade das persoas ou dos bens propios ou alleos.
- k) Respectar as indicacións feitas polo persoal municipal a cargo dos mercados en canto á organización espacial e funcional do mercado.

CAPÍTULO II. CAMBIO DE TITULARIDADE DAS CONCESIONS DOS POSTOS FIXOS

Artículo 27º Cambio de titularidade por traspaso postos fixos

1. Poderase modificar a titularidade da concesión administrativa por razón de traspaso da actividade, ou ben por falecemento, xubilación ou incapacidade da persoa que ostentase con anterioridade a condición de concesionaria.
2. O cambio de titularidade poderase efectuar a favor de persoas físicas ou de persoas xurídicas, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo, segundo o previsto no Artigo 18º do presente Ordenanza, e sempre para o desenvolvemento das actividades previstas nesta ordenanza.
3. Non poderán ser beneficiarias de traspaso aquelas persoas que fosen concesionarias de postos fixos e tivesen perdido os seus dereitos por sanción en firme de falta moi grave ou por revogación da concesión.

Artículo 28º Cambio de titularidade por traspaso de actividade

1. A solicitude de cambio de titularidade deberá ser formulada pola persoa concesionaria do posto e irá acompañada da documentación establecida para acceder á condición de concesionario ou concesionaria, segundo o previsto no Artigo 18º, debendo ademais quedar xustificado que o posto está ao corrente no pagamento do canon que lle corresponda en función da Ordenanza fiscal vixente.
2. Así mesmo, cedente e cesionario deberán, na data e hora que se lle indiquen, realizar unha comparecencia ante a Administración municipal, na que o cedente manifieste a súa vontade de traspasar a titularidade do posto ao cesionario quen a aceptará con suxeición ás normas contidas para os efectos na presente ordenanza e Ordenanza Fiscal en vigor.
3. A solicitude de cambio de titularidade será resolta polo mesmo órgano que sexa competente para o outorgamento da concesión administrativa.
4. O cambio de titularidade non modificará o prazo de concesión do posto, que contará sempre desde a data do inicio da concesión orixinal.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

Artículo 29º Cambio de titularidade no caso de falecemento ou incapacidade

1. En caso de falecemento ou incapacidade da persoa titular da concesión ou cando esta alcanzase a idade de xubilación, poderase solicitar o cambio de titularidade da concesión a favor das persoas de primeiro grado de familiaridade ou afinidade.
2. Nestes casos, a solicitude deberá ser formulada, no prazo de tres meses desde que acontecese o feito causante, polas que serán as novas persoas titulares da concesión, que quedarán exentas dos dereitos municipais en concepto de cambio de titularidade, pero non así do aboamento do canon mensual.

CAPÍTULO III. CADUCIDADE, REVOGACIÓN E RESCATE DE POSTOS FIXOS

Artículo 30º Caducidade

A concesión caducará:

- a) Polo transcurso do prazo de 25 anos.

Artículo 31º Revogación

A autoridade municipal poderá revogar as licenzas e outorgar a baixa na concesión polos motivos seguintes:

- a) A solicitude da persoa concesionaria.
- b) De oficio pola Administración municipal, tras a tramitación do oportuno expediente de revogación, cando concorran algunhas das circunstancias previstas ao respecto no Título VII do presente Ordenanza.
- c) Por incumprimento da obriga de aboar o canon mensual durante 1 trimestre consecutivo ou pola acumulación de cotas impagadas de 6 meses, aínda que non sexan consecutivos.
- d) Polo incumprimento reiterado das súas obrigas como concesionario/a.
- e) Polo transcurso de 3 meses desde o falecemento, invalidez ou xubilación do seu titular sen que por parte das persoas beneficiarias se inste o cambio de titularidade da concesión.
- f) Cando o posto permaneza pechado durante un máximo de 6 meses.
- g) Revogada a concesión, a persoa titular daquela deberá facer entrega do posto nas mesmas condicións da entrega. Calquera dano ou prexuízo causado ao posto, por circunstancias non atribuíbles ao seu uso normal e respectuoso coas instalacións, poderá dar lugar a un expediente de resarcimento de danos.

Artículo 32º Rescate de concesións

O Concello de Lugo poderá, por razóns de interese público, que deberán quedar acreditados no expediente que se tramite para os efectos, facer uso do rescate da concesión, coas

ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO DE LUGO

indemnizacións que procedan conforme á lexislación en vigor, e deberá indemnizar, se procede, polos os danos e perdas, conforme ao que dispoña a lexislación vixente.

CAPÍTULO IV. OCUPACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE VENDA

Artículo 33º Ocupación temporal de postos de venda

1. O Concello de Lugo poderá adxudicar postos en réxime de ocupación temporal, a través de concesións que terán carácter bianual, naqueles casos nos que a propia situación do posto, ou o tipo de actividade a desenvolver, así o aconsellen, segundo o disposto na presente ordenanza.
2. As persoas solicitantes poderán acceder a este tipo de concesión cando concorran algunhas das seguintes circunstancias, que deberán quedar debidamente acreditadas no expediente.
 - a) Cando se trate dunha actividade innovadora.
 - b) Nos casos nos que a persoa solicitante sexa xa concesionaria dun posto fixo.
 - c) Cando a persoa solicitante pertenza a un colectivo de difícil integración ou teña menos de 35 anos de idade.
 - d) Cando as características do posto en canto á situación ou tamaño, fagan máis difícil a súa demanda.
3. Estes postos deberán estar incluídos na oferta pública anual actualizada e serán obxecto de concesión por período de 2 anos prorrogables por un período de outros 2 anos ata un total máximo de 4 anos.
4. O seu réxime de concesión asimilarase ao establecido para os postos fixos, tanto no relativo á solicitude, trámite e adxudicación, como aos dereitos e deberes das persoas concesionarias.
5. Será así mesmo de aplicación o disposto nos aspectos relativos á revogación e rescate, coas seguintes especificidades:
 - a) Os prazos establecidos no Artigo 31º c) e f) sobre revogación no caso de impago ou inactividade, reduciranse no primeiro caso a 2 meses e no segundo a 4 meses.
 - b) As persoas concesionarias dun posto de ocupación temporal, estarán obrigadas ao aboamento do canon que, con carácter mensual, fixe a ordenanza fiscal correspondente para este concepto.
 - c) En ningún caso se podera realizar traspaso ou cambio de titularidade.

CAPÍTULO V. OCUPACIÓN PROVISIONAL DE POSTOS DE VENDA

Artículo 34º Ocupación provisional de postos de venda

1. O Concello poderá destina-los postos que temporalmente se encontren libres en réxime de cesión provisional, mentres non se proceda á publicación da oferta pública anual. A autorización para esta ocupación será outorgada a instancia de parte polo Sr. Alcalde ou Concelleiro delegado.
2. Esta autorización entenderase en precario, sen dereito a indemnización ningunha no suposto da súa rescisión, non xerando dereitos ao respecto de novas concesións, e estando suxeitos ao réxime de dereitos e deberes establecidos nesta ordenanza para os concesionarios.
3. Como obriga económica, comprométese a aboa-los detentores o canon que con carácter mensual fixe a ordenanza fiscal municipal correspondente, supoñendo o non pagamento a caducidade da autorización.

TÍTULO IV. O MERCADO TRADICIONAL

Artículo 35º Dos Vendedores/as de produtos tradicionais

1. Para os efectos desta ordenanza municipal, ten a consideración de vendedor no Mercado Tradicional aquela persoa que desexe comercializar, con carácter estable, e en determinados períodos do ano produtos alimentarios e outros, procedentes da súa propia explotación, sempre que estes cumpran coas debidas garantías sanitarias, e solicite a preceptiva autorización para desempeñar esta actividade nos recintos expresamente dispostos polo Concello para este fin de acordo ao disposto nesta ordenanza.
2. O concello de Lugo, poderá orientar a comercialización de produtos neste mercado segundo o seu criterio con especial consideración á promoción dos produtos ecolóxicos, orgánicos e naturais.
3. Quedan expresamente excluídos desta consideración os revendedores de produtos alleos, aínda que esta actividade a desenvolvan só durante curtos períodos de tempo no ano.
4. Queda expresamente prohibido en todo o Concello de Lugo o desempeño da actividade de venda ou revenda ambulante fóra dos recintos e lugares habilitados expresamente polo Concello, así como dentro destes sen a correspondente autorización municipal.

Artículo 36º Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional

1. O Concello de Lugo manterá un Rexistro de Vendedores/as do Mercado Tradicional. Unicamente poderán comercializar os seus produtos nos espazos de venda dedicados ao Mercado Tradicional das Prazas e Mercados municipais aquelas persoas que acrediten a súa inclusión no dito rexistro. A través deste rexistro garantirase o carácter de Vendedores/as do Mercado Tradicional das persoas inscritas e a efectos de organización limitarase o tipo de produtos para comercializar por cada unha delas, o período da súa comercialización e o lugar no que esta se levará a cabo dentro dos espazos especificamente habilitados polo Concello para tal fin, prestando atención ás tempadas dos produtos de referencia.

Artículo 37º Inclusión no Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional

1. Poderán solicitar a súa inclusión no Rexistro de VMT os agricultores que declaren a procedencia da súa colleita dos produtos agrarios que desexan comercializar, tendo preferencia os residentes no término municipal de Lugo. Será tamén autorizable, a instalación de produtores doutra procedencia, en función da dispoñibilidade de espazos.
2. A inclusión no Rexistro de Vendedores/as do Mercado Tradicional, deberá ser solicitada pola persoa interesada, quen de acordo co procedemento establecido, deberá garantir en todo caso:
 - Que os produtos que vende proceden da súa colleita.
 - Que a súa colleita cumpre coa normativa sobre seguridade alimentaria e conta coas autorizacións de rigor.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

3. As persoas que resulten incluídas no Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional recibirán unha identificación persoal e intransferible, que deberán amosar para poder exercer a súa actividade.

Artículo 38º Caducidade do rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional

1. O Rexistro de Vendedores/as do Mercado Tradicional terá unha vixencia dunha anualidade contada por ano natural, de xeito que o 31 de decembro caducan os datos rexistrados e se procede á súa eliminación.
2. Para a renovación automática dos datos de rexistro e da autorización sen realizar modificacións, Vendedores/as do Mercado Tradicional deberán solicitar a renovación da inscrición durante o mes de decembro inmediatamente anterior á finalización da vixencia, debendo formular unha declaración de vixencia das condicións alegadas na súa solicitude inicial.
3. Esta operación de renovación automática será gratuíta, e poderá ser realizada polo Vendedor do Mercado Tradicional ata completar un máximo de cinco anos consecutivos de alta no rexistro, ao cabo dos cales, deberá realizar un novo rexistro do xeito indicado no Artigo 36,
4. No caso de que non se solicite renovación da inscrición no prazo establecido, deberase solicitar unha nova inscrición, conforme ao disposto no Artigo 36º.

Artículo 39º Exclusión do rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional

Os Vendedores/as do Mercado Tradicional poderán ser excluídos do rexistro municipal como consecuencia de procedementos sancionadores que debeñan firmes, de acordo co previsto nesta ordenanza. Nestes casos limitarase a posibilidade de reincorporación a este rexistro de acordo cos termos da sanción imposta.

Artículo 40º Desempeño da actividade comercial no Mercado Tradicional

1. A solicitude de ata un máximo de dous postos eventuais, excepto en coincidencia cos mercados especiais que poderán axustarse a necesidades puntuais valoradas polos vixiantes-recadadores de prazas e mercados, para realizar a actividade comercial no Mercado Tradicional será formulada directamente ao Encargado do mercado municipal ou persoal ao seu cargo, de forma presencial, no mesmo día no que teña lugar dita actividade. Para iso será obrigado:
 - a) Acreditar a súa inclusión no Rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional..
 - b) Aboar a taxa que corresponda segundo a ordenanza fiscal en vigor, de acordo cos produtos para comercializar e o número de postos. A cambio, seralle entregado un recibo polo importe que acreditará dito pagamento.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

2. O comerciante eventual situará o posto ou postos alugados no lugar que lle sexa indicado polo encargado do mercado, respectando a colocación e límites dos postos situados con carácter previo, aos asignados aos Vendedores/as do Mercado Tradicional inscritos no rexistro municipal.
3. O posto tradicional deberá ser explotado persoalmente por quen o teña solicitado, nas condicións sinaladas nesta ordenanza, e que en caso de necesidade poderá ser substituído polo cónxuxe ou persoas en primeiro grado de familiaridade ou afinidade. Non se permite o tráfico, troco, cesión, arrendamento ou venda dos dereitos de ocupación dos postos entre os Vendedores/as do Mercado Tradicional.
4. Unha vez rematadas as horas de despacho de acordo co horario comercial establecido para o recinto, o posto debe ser baleirado e limpado polo comerciante eventual. Non se permitirá o almacenamento de ningún tipo de produtos no posto ou fóra deste, incluíndo as instalacións comúns da praza ou mercado correspondente. En caso de atopar produtos nesta situación, o persoal municipal dos mercados, requirira ao titular que os retire, de non facelo, procederase ao seu tratamento como residuos.
5. Para aqueloutras cuestións non incluídas de xeito específico neste capítulo, a regulación dos Vendedores/as do Mercado Tradicional rexerese polo disposto con carácter xeral para os Vendedores/as do Mercado tradicional inscritos no Rexistro e para os concesionarios e concesionarias de postos fixos ou temporais.
6. Non se permitirá o tráfico, troco, cesión ou arrendamento ou venda dos dereitos de ocupación destes postos entre os seus titulares.

Artículo 41º Dereitos dos Vendedores/as do Mercado Tradicional

Os Vendedores/as do Mercado Tradicional debidamente rexistrados gozarán dos mesmos dereitos que os previstos no Artigo 25 para os concesionarios e concesionarias de postos fixos.

Artículo 42º Obrigas dos Vendedores/as do Mercado Tradicional

Constitúen obrigas dos Vendedores/as do Mercado Tradicional:

- a) Comercializar unicamente produtos de tempada procedentes da súa propia explotación.
- b) Facer efectivo o pagamento das taxas que resulten da aplicación da ordenanza fiscal vixente.
- c) Comercializar unicamente produtos que cumpran todas as normas hixiénico-sanitarias e en materia alimentaria establecidas pola lexislación vixente na materia.
- d) Amosar nun lugar visible da súa indumentaria ou do seu espazo de venda a súa identificación como Vendedor do Mercado Tradicional incluído no Rexistro municipal, así como facilitar os datos de rexistro a todos aqueles clientes ou persoal municipal que llo soliciten por calquera motivo.
- e) Manter as debidas condicións de conservación e limpeza tanto no espazo de venda asignado como nos seus arredores e nas instalacións comúns, debendo depositar os lixos que se xeren na súa actividade nos depósitos de lixo existentes nas instalacións.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- f) Coidar de non producir danos ou estragos no espazo de venda que lle sexa asignado para o desenvolvemento da súa actividade comercial, e deixalo nas mesmas condicións que o recibiu.
- g) Non superar baixo ningunha circunstancia os límites dos espazos de venda que se lle asignen. En ningún caso poderá almacenar ou expoñer mercadorías nos corredores de tránsito, e en especial nas vías de evacuación para o caso de emerxencia.
- h) Ter á vista con carácter permanente no seu posto tradicional a identificación dos diferentes produtos que comercialicen, empregando para iso o modelo de etiqueta que indique o Concello de Lugo.
- i) Atender persoalmente o posto, agás no suposto recollido no artigo 39-3 desta ordenanza sen posibilidade de contar con persoal auxiliar salvo que este estea igualmente inscrito no rexistro municipal de Vendedores/as do Mercado Tradicional e dispoña da pertinente identificación.
- j) Manter unha actitude correcta na relación coa clientela, co persoal municipal ou doutras administracións que se presente nas instalacións no desenvolvemento das súas funcións, así como co resto de persoal vendedor, evitando conflitos ou altercados que poidan poñer en perigo a integridade das persoas ou dos bens propios ou alleos.
- k) Respetar as indicacións feitas polo persoal municipal a cargo dos mercados en canto á organización espacial e funcional do espazo destinado a Mercado Tradicional.

TÍTULO V. CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA

Artículo 43º Responsabilidade en materia de calidade e seguridade alimentaria

É unha responsabilidade individual de cada industrial ou comerciante a de coñecer e aplicar toda a lexislación que lle resulte de aplicación en función da súa actividade e, de xeito particular, en materia de calidade e seguridade alimentaria para aqueles dedicados a estas actividades, que será supervisada pola autoridade sanitaria competente en cada caso.

Artículo 44º Autorizacións e carnés profesionais

Todos os industriais e comerciantes que operen no ámbito da alimentación deberán estar en posesión do certificado de manipulador de alimentos, así como daqueloutros carnés profesionais e/ou autorizacións administrativas que lles sexan esixibles en función da súa actividade.

Artículo 45º Limpeza e hixiene nos postos

1. Será responsabilidade individual de cada industrial realizar as reformas pertinentes nos seus postos para adaptar os materiais aos establecidos pola lexislación hixiénico-sanitaria, en función da súa actividade.
2. Cada industrial ou comerciante asegurará dentro do seu posto as medidas de hixiene e limpeza necesarias para garantir a seguridade dos produtos que comercializa, e evitar deteriorar ou incidir negativamente nos restantes postos.

Artículo 46º Vestiario laboral

Será responsabilidade individual de cada industrial ou comerciante eventual empregar persoalmente, e asegurar o uso por parte do seu persoal no caso en que conte con el, do vestiario laboral que resulte de aplicación á súa actividade, nos formatos e coa composición que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo da imaxe e simboloxía, que o Concello de Lugo, no seu caso, estableza.

Os manipuladores de alimentos deberán dispor de bata branca, luvas, gorros de protección e chapa identificativa con nome e número de posto.

Artículo 47º Trazabilidade e etiquetaxe dos produtos agroalimentarios

1. Será responsabilidade individual de cada industrial ou comerciante garantir a trazabilidade dos produtos que comercializa, de acordo coas disposicións vixentes ao respecto.
2. Todos os produtos agroalimentarios, coa excepción do mercado tradicional, deben figurar expostos coa súa correspondente etiqueta identificativa, na que se mostre toda a información requirida ao respecto da súa orixe e trazabilidade, e esta información poderá ser esixida tanto polas persoas usuarias das Prazas e Mercados como polo persoal municipal afecto no desempeño das súas funcións.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

3. As etiquetas identificativas serán realizadas polas persoas concesionarias dos postos

Artículo 48º Seguridade alimentaria na realización de obras

1. No caso de prever a realización de obras nun posto, e con independencia da actividade á que se dedique este, o seu titular, unha vez obtida a preceptiva licenza de obras municipal, debe comunicar por escrito dirixido ao Concello de Lugo, as datas e alcance previsto para as obras, así como os produtos e materiais a empregar na súa execución.
2. O concello de Lugo, con carácter previo á realización das obras, difundirá a través do Taboleiro de Prazas e Mercados así como doutros que se estimen oportunos, un comunicado aos restantes postos para informar das obras e produtos, de xeito que se algún deles pode resultar nocivo ou incidir negativamente sobre os produtos e actividades doutro industrial, poidan establecerse as medidas preventivas requiridas para evitar a materialización dos riscos.
3. O titular do postos obxecto das obras adoptará todas as precaucións posibles para illar a súa execución, de xeito que interrompan na menor medida posible o normal desenvolvemento da actividade comercial da zona e que se evite a propagación de elementos nocivos a outros postos.

Artículo 49º Alertas de seguridade alimentaria

As Prazas e Mercados municipais de abastos inclúense dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida polo Encargado de Prazas e Mercados municipais, a través da súa publicación no Taboleiro de Prazas e Mercados e u polos medios que se consideren precisos.

**TÍTULO VI. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS DAS PRAZAS
E MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS**

Artículo 50º Dereitos das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos

1. Son dereitos das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos:
 - a) Dispoñer de información veraz e completa a través das etiquetas identificativas que figuran nos produtos.
 - b) Coñecer o prezo final por unidade de medida dos produtos con carácter previo á súa adquisición.
 - c) Recibir o documento que acredite a súa compra en forma de ticket ou factura segundo proceda de acordo coa lexislación vixente na materia, coa excepción da venda no mercado de produtos tradicionais.
 - d) Ter acceso á información e publicidade veraz, vinculante e que non induza a erro.
 - e) Calquera outro dereito que lles sexa recoñecido nas disposicións legais vixentes.
2. Ante incumprimentos dos dereitos recoñecidos, as persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos poderán exercer as accións pertinentes perante a Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC).

Artículo 51º Obrigas das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos

Son obrigas das persoas usuarias das Prazas e Mercados municipais de abastos:

- a) Respetar as indicacións do persoal municipal nas Prazas e Mercados municipais de abastos, así como da sinalización dos recintos nos que se desenvolve a actividade.
- b) Non acceder ao interior dos recintos das Prazas e Mercados municipais acompañados de animais de compañía, coa excepción de cans guía para persoas invidentes.
- c) Manter as normas de convivencia e o respecto cara ás persoas que desenvolvan a súa actividade nos recintos das Prazas e Mercados municipais de abastos.
- d) Calquera outra obriga que lles sexa esixida polas disposicións legais en vigor.

TÍTULO VII. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artículo 52º Clasificación das infraccións

1. As infraccións relacionadas coas actividades reguladas nesta ordenanza catalóganse como infraccións leves, graves e moi graves.
2. Os titulares dos postos fixos así como os vendedores do mercado tradicional serán responsables das infraccións que cometan persoalmente en relación coas disposicións desta ordenanza, así como das cometidas polas persoas que traballen ao seu cargo.

Artículo 53º Infraccións leves

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de infraccións leves:

- a) Non manter nas debidas condicións de conservación e limpeza os postos e accesorios, sempre que estas non afecten á seguridade alimentaria.
- b) Exceder coa mercancía ou calquera tipo de materiais propios as dimensións do posto, sempre que con eles non se obstaculicen vías de evacuación.
- c) Empregar de xeito inadecuado os contedores de lixo, lixar ou verter augas aos corredores ou zonas comúns.
- d) Descortesía no trato co público, cos empregados municipais afectos ás Prazas e Mercados ou con outras persoas concesionarias.
- e) Realizar tarefas de carga e descarga de mercadorías fóra do horario establecido.
- f) Non utilizar o vestiario laboral que se indica nesta ordenanza e os seus anexos cando sexa requirido, sempre que isto non afecte á seguridade alimentaria.
- g) Pechar os postos fixos sen autorización dun a tres días sen causa xustificada.
- h) Usar de xeito inadecuado as instalacións comúns sen causar danos.
- i) Vender ou expoñer produtos non autorizados por esta ordenanza.

Artículo 54º Infraccións graves

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de infraccións graves:

- a) Exceder coa mercadoría ou calquera tipo de materiais as dimensións do posto, se con iso se obstaculizan as vías de evacuación en caso de emerxencia.
- b) Usar unha linguaxe ou acenos groseiros, violentos ou discriminatorios en calquera sentido coas persoas usuarias, co persoal municipal ou con outras persoas concesionarias.
- c) Incumprir as instrucións determinadas polo concello a través das correspondentes ordenanzas municipais, ou as transmitidas a través do persoal municipal.
- d) Pechar o posto fixo sen autorización entre catro e dez días sen causa xustificada.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- e) Non ter expostos ao público os horarios comerciais e/ou as etiquetas identificativas dos produtos expostos, cos correspondentes prezos por unidade de medida.
- f) Non participar persoalmente da atención do posto fixo ou, no caso de titulares múltiples, dalgún deles, ou os seus substitutos recoñecidos en caso de imposibilidade por enfermidade ou causas xustificadas.
- g) Vender produtos alimenticios carecendo do preceptivo carné de manipulador e, en xeral, comercializar produtos que requiran de carné profesional ou autorización administrativa carecendo dela.
- h) No caso de Vendedores/as do Mercado Tradicional, revender produtos que non pertencan á súa propia explotación.
- i) Realizar obras menores que non afecten á estrutura do posto fixo carecendo de licenza municipal.
- j) Negar a colaborar cos servizos de inspección competentes.
- k) Non realizar o aboamento do canon previsto.
- l) Incumprir as normas que sobre imaxe, simboloxía e sinalética recollidas nesta ordenanza e nas disposicións legais vixentes.
- m) Incumprir os horarios establecidos nesta ordenanza sen autorización.
- n) Cometer fraude na cantidade e/ou na calidade dos produtos comercializados.

Artículo 55º Infraccións moi graves

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de infraccións moi graves:

- a) Incumprir o previsto nesta ordenanza e na lexislación vixente ao respecto da seguridade alimentaria.
- b) Non manter nas debidas condicións de conservación e limpeza os postos e accesorios, sempre que estas non afecten á seguridade alimentaria.
- c) Non entregar aos clientes os documentos da compra.
- d) Manter o posto pechado por once días ou máis sen autorización e sen que exista causa xustificada para iso.
- e) Realizar o traspaso ou alugamento da concesión sen autorización municipal.
- f) A grave deterioración das instalacións comúns da praza ou do mercado, por causas imputables á persoa concesionaria
- g) A realización de obras no posto que alteren a súa estrutura, ou sen tomar as debidas precaucións previstas no Artigo 47 desta ordenanza.
- h) A reiteración no incumprimento das obrigas de pagamento contraídas co concello pola persoa titular da concesión administrativa. No caso de titulares de máis dun posto, a reiteración entenderase no seu conxunto e referida ao titular, e non a cada posto individual.
- i) Contar para a explotación do seu posto con persoal en situación laboral irregular de acordo co que sinala a lexislación laboral vixente.

**ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO
DE LUGO**

- j) Incumprir a persoa titular da concesión coas obrigas en materia de Seguridade Social.
- k) Incumprir as normas sinaladas polo traspaso da concesión.

Artículo 56º Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador rexerese polo establecido na lexislación administrativa en vigor ao respecto do procedemento administrativo común.
2. Correspóndelle á concellería delegada principiar, tramitar e resolver o procedemento sancionador cando este proceda, asegurando o respecto aos dereitos da persoa concesionaria de acordo coa lexislación vixente.
3. En todo caso, as medidas sancionadoras deben ser consideradas como cláusulas xerais derivadas do incumprimento contractual.

Artículo 57º Sancións

1. Como resultado do proceso sancionador debido en firmes, imponense as seguintes sancións:
 - a) Infraccións leves: apercibimento ou multa de ata 750 €.
 - b) Infraccións graves: multa de 751 a 1.500 € con ou sen clausura temporal do posto fixo ata un máximo dun mes. No caso de Vendedores/as do Mercado Tradicional, poderase revogar a súa inscrición no rexistro municipal, coa imposibilidade de realizar unha nova inscrición nun período dun mes contado desde o día seguinte a aquel no que o proceso sancionador deveu en firme.
 - c) Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 € e/ou clausura do posto fixo entre un e tres meses, puidendo levar aparellada a revogación da concesión.
 - d) No caso de comerciantes Vendedores/as do Mercado Tradicional revogarase a súa inscrición no rexistro municipal, coa imposibilidade de realizar unha nova inscrición nun período de entre un e tres meses contados desde o día seguinte a aquel no que o proceso sancionador deveu en firme.
2. Para a graduación das sancións, atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción e asúa reiteración por parte da persoa responsable.
3. Prescrición
A prescrición das infraccións e sancións producirase:
 - a) As leves aos seis meses desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.
 - b) As graves aos dous anos desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.
 - c) As moi graves aos tres anos desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.

ORDENANZA REGULADORA DE PRAZAS E MERCADOS DO CONCELLO DE LUGO

Disposición adicional primeira

No non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na lexislación autonómica, estatal, ou se é o caso, europea, se resultan de aplicación.

Disposición adicional segunda

O Concello, para a levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos nesta ordenanza poderá aplicar a estes procesos subvencións propias, ou axudas procedentes doutras administracións. Os cambios e adaptacións que afecten de xeito directo ós industriais de prazas e mercados, someteranse a debate na comisión consultiva.

Disposición adicional terceira

Facultase a Alcaldía, para a adopción de cantas medidas procedan en orde á execución e desenvolvemento do presente Ordenanza.

Disposición adicional cuarta

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora dos mercados e prazas de abastos e mais os parágrafos de ordenanzas e normativa municipal oposta a esta.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.